

Animación á lectura e contacontos

Febreiro | marzo | 2018



Biblioteca Municipal MIHL

Parque da Milagrosa

Un ano máis presentamos unha nova programación de animación á lectura para os primeiros meses do ano.

A entrada a todas as actividades é gratuita, pero como a capacidade é limitada, é necesario retirar unha tarxeta de invitación.

Comezarán a entregarse na biblioteca municipal a partir do luns da semana da actuación corespondente, dende as 10:30 horas, e por estrita orde de chegada. Para as actividades que teñen lugar no MIHL, os adultos que acompañen aos nenos e nenas terán que retirar tamén invitación. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase tan só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres invitacións por persoa. Para as actividades que se celebren na biblioteca, os adultos non precisan de invitación, e entregaranse un máximo de dúas invitacións por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua



Sábado, 17 de febreiro ás 18:30 horas no MIHL

PACO NOGUEIRAS "Radio Bule Bule"

Idades: para nenos e nenas a partir de 3 anos

Número de asistentes: máximo 150

Duración: 60 minutos

Retirada de invitacións na biblioteca a partir do luns, día 12 de febreiro.

Paco Nogueiras (III premio Martín Códax da Música Infantil) presenta o seu novo espectáculo baseado no seu último disco. O medio radiofónico inspira as cancións que se dispoñen a modo de parrilla de programación dunha peculiar emisora de radio.

Xoves, 22 de febreiro ás 18:30 horas na biblioteca

CAXOTO CONTACTOS "Un libro baixo a almofada"

Idades: a partir de 4 anos

Número de asistentes: máximo 40

Duración: 60 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 19 de febreiro.

Caxoto quítalle o po a todos os libros que integran o seu repertorio para poñelo á disposición do público que será quen escolla os libros a contar nun proceso asembleario e democrático.

Xoves, 1 de marzo ás 18:30 horas na biblioteca

PAVÍS "Contos para bebés"

Idades: de 0 a 3 anos

Número de asistentes: máximo 20

Duración: 35 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 26 de febreiro.

Sesión de contos, arrollos, cantos e ladaíñas para os bebés, acompañados de nais ou pais.

Sábado, 17 de marzo ás 18:30 horas no MIHL

MIGALLAS TEATRO "Canta connosco"

Idades: a partir de 3 anos

Número de asistentes: máximo 150

Duración: 50 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 12 de marzo.

En "Canta connosco" combínanse as cancións do disco do mesmo nome con accións dramáticas para tratar temas como o coitado dos animais, a lectura como pracer ou a importancia da imaxinación.

Xoves, 22 de marzo ás 18:30 horas na biblioteca

TARABELOS "Debulendo lendas... galegas"

Idades: a partir de 5 anos

Número de asistentes: máximo 40

Duración: 45 minutos

Retirada de invitacións na biblioteca a partir do luns, día 19 de marzo.

Espectáculo de contacontos que utiliza a técnica do kamishibai xaponés para "debullear" (debuxar e ler), as lendas que ensinan o valor da nosa cultura.